

Un italiano de nación e devoción en Cangas (I)

A figura do conserveiro e cónsul Guido Paganini Picasso



Un retrato de Guido Paganini Picasso. / Arquivo

Xerardo Dasairas*

03 MAR 2024 – Faro de Vigo-Morrazo

<https://galego.farodevigo.es/o-morrazo/2024/03/03/italiano-nacion-devocion-cangas-98902048.html>

Este personaxe que glosamos, **Guido Paganini Picasso**, e ao que se ve marxinado da historia da vila pola súa ideoloxía, viviu e morreu en Cangas e durante boa parte da súa traxectoria vital **ostentou en Vigo o cargo de cónsul de Italia**. Coñecido como o italiano de Cangas, sempre se gabou das súas **orixes e da súa adhesión ao Fascio italiano** desde a chegada de Mussolini ao poder en 1922. Os avatares económicos e políticos da época que lle tocou vivir en Cangas e Vigo, marcarían unha traxectoria á que tentamos aproximarnos polas súas connotacións históricas.

De orixe italiana, natural de **Xénova (nado en 1881)** é posible que se trasladase a Cangas desde Vigo, a comezos do século XX. Rexentaría unha **fábrica de salga no Salgueirón**, quizáis a de Juan Fernández Viéitez, adquirida con créditos emitidos polo Banco de Roma, que tivo o seu momento álxido durante a Primeira Guerra Mundial, conflito no que todas as conservas galegas alcanzarían unha gran demanda e releve. Casaría con **Simona Montemerlo Botacci, filla de Pietro Montemerlo Botacci**, tamén italiano, que se establecera primeiro en Bueu e logo tamén no recheo do Señal (Ojea) cara a 1915. Guido tiña dous irmáns, un deles **Giorgio, axente comercial en Vigo e moi implicado coa delegación do Fascio italiano** nesta cidade desde a súa fundación e o outro, Marcos, asentado en Cangas, que se dedicaría logo á conserva.

Nas eleccións locais de Cangas, repetidas por invalidación no 1918, 1919 e 1920, Guido Paganini apoiaría a candidatura do conserveiro Fernández Cervera, que non conseguiría representación **“a pesar de, segundo o concelleiro socialista Corbacho, regaloulle cigarros aos votantes, pero os obreiros e mariñeiros non fixeron máis que fualos”**.



A fábrica de salazón de Paganini no ano 1911. / Arquivo do autor

No ano 1921, exercendo de **vicepresidente da Sociedade de Caza de Cangas**, xa se evidencian as boas relacións co goberno italiano pois el mesmo e o seu sogro Pietro Montemerlo conseguen a exclusiva da representación dun aparello chamado **“Paradox”** para a limpeza das caldeiras de vapor, xa empregado pola Armada italiana, conseguindo que tamén fose utilizado pola española en varios barcos. Aparte da relación parental con Montemerlo, tamén mantiña boas relacións co conserveiro de Bueu, tamén xenovés, **Attilio Gaggero** pois xa en xuño de 1917 consta a presenza de **Lina Paganini e Amelia Gaggero tomando os baños en Caldas de Reis**, no Hotel Acuña, acompañadas dos seus fillos e unha criada.

Aparte deste aspecto anecdótico, coa chegada de Mussolini ao poder, cabe apuntar que desde o primeiro momento, Guido Paganini non ocultaría as súas preferencias polo movemento dos **Fasci Italiani di Combattimento**, creado por **Benito Mussolini** en Milán o 23 de marzo de 1919 e por isto, por italiano e pola súa posición social, sería nomeado delegado consular en Vigo. Esta organización dos Fasci, formada por veteranos da I Guerra Europea, sería o núcleo do posterior **Partito Nazionale Fascista de Mussolini** que en decembro de 1922 e coa escasa oposición do rei italiano Víctor Manuel III, lograría disolver o Parlamento, asumindo o mando supremo do Estado italiano.

Esta ideoloxía fascista era pouco coñecida na España destas datas, pero co advenimento da **ditadura de Primo de Rivera**, admirador desta ideoloxía, permitiu que se asentasen oito dos dezaseis Fasci que estarían activos na península, pois **as relacións cos ditadores de España e Portugal eran excelentes**, aínda que a súa lexitimidade era máis “simbólica” que legal.

Nos inicios, a delegación de Vigo aparece como algo especial, pois **dependía do lonxano consulado de Bilbao** e pode xustificarse a súa presenza na cidade olívica, máis polas fortes conexións da cidade coa emigración americana que polos **apenas 29 italianos que tiña adscritos**. Ademais, nun inicio, os Fasci en España proxectaban aínda unha imaxe de división, desorganización e falta de estabilidade, quitando e poñendo os seus directorios con certa frecuencia.

ESTATUTO DE LOS FASCISTAS EN EL EXTRANJERO

Roma. -Mussolini ha elaborado el estatuto de los fascistas italianos residentes en el extranjero.

El primer párrafo estipula especialmente que los fascistas en estas condiciones deben:

Primero. -Ser respetuosos con las leyes del país en el que residan.

Segundo. -No participar en la política interior de este país.

Tercero. -No provocar diferencias en las colectividades italianas sino al contrario, seguir una actitud de concordia.

Cuarto. Dar ejemplo de probidad pública y privada.

Quinto.-Respetar a los representantes de Italia en el extranjero y obedecer sus instrucciones.

Sexto.-Defender la italianidad en el pasado y en el presente.

Séptimo. -Prestar ayuda y asistencia a los italianos necesitados.

Octavo. -Ser disciplinados en el extranjero, como el fascismo exige que los italianos sean disciplinados en el interior.

Os estatutos do "fascio" da revista Il Legionario. / Arquivo do autor



Paganini e Montemerlo con armadores e patróns probando o "Paradox" (un aparello para a limpeza das caldeiras) no vapor de pasaxe "María Luisa", en agosto de 1922. / Arquivo do autor

No ano 1923, Guido Paganini aínda figura reseñado nos anuarios industriais como fabricante de conservas en Cangas, pero **un roubo de ferramentas en maio deste ano vén apuntar xa o abandono da actividade na fábrica**. Vai ser nun dos continuos cambios na dirección do Fasci, envoltos en polémicas, cando tras dunha concorrida asemblea celebrada o día 3 de xullo de 1924, o secretario político da delegación viguesa do Fasci, **Augusto Sacco**, vai ser substituído na secretaría política por Giorgio Paganini, quen á súa vez nomearía delegado consular ao seu irmán Guido Paganini, tamén afiliado ao Partido Nacional Fascista e que neste mesmo ano e por breve período era o presidente do Centro Recreativo cangués.

Desde a sede da delegación consular, ubicada neste tempo na rúa Colón número 30, a súa misión entre a escasa colonia italiana de Vigo era, ademais dos asuntos consulares, a **organización de células do Fascio que pretendían estenderse entre os dez millóns de italianos dispersos polo mundo**, establecendo un proceso de fascistización moi activo nestas comunidades emigradas. Este proceso levaba implícita a **total disposición a aceptar os plantexamentos radicalizados da nova ideoloxía**, a adopción da súa simboloxía e facer defensa activa da mesma. Esta identificación cos **modos de proceder violentos do *squadrismo*** fascista implicaba que cada italiano debía converterse nunha nova canle de difusión e propaganda do programa mussoliniano. Obviamente, pola súa confidencialidade, pouco sabemos das actividades consulares de Paganini nestas datas, podendo seguir parte da súa traxectoria vital no eido relacionado con **eventos sociais acaecidos en Cangas nos que adoitaba colaborar**.




A visita dos exploradores ou "scouts" ingleses ao Salgueirón en agosto de 1924. Guido Paganini no centro da imaxe, cunha camisa branca. / Arquivo do autor

Unha das súas xestións vai ser durante unha visita que realizaron a Cangas unha partida de **exploradores ingleses (scouts) de institutos de Manchester** entre o 29 de agosto e o 2 de setembro do 1924. Durante estes días estarían acampados na súa fábrica do Salgueirón e antes de embarcaren de volta en Cangas no vapor "Orita", recibiron a visita duns exploradores de Pontevedra e xogaron un **partido co Cangas F. C.**, club do que Paganini foi fundador en 1915. Destacou incluso como **gran xogador e goleador**, pois xa formara parte dun equipo de fútbol en Xénova. Os ingleses perderían por catro a dous e ao remate do *match* foron obsequiados con refrescos, xesto que os anglos corresponderon logo co convite a un té no acampamento, acudindo a este acto, autoridades locais e algúns veciños, ademais do cónsul e a colonia

inglesa de Vigo. **Tan contentos marcharon os ingleses que dixeron que repetirían a visita en xullo do ano seguinte pero sabemos que non voltaron.**

Desde 1926, o goberno italiano vai impulsar as relacións culturais con outros países a través da creación dos Institutos Italianos de Cultura no Exterior e neste sentido vanse desenvolver unha parte dos cometidos do consulado vigués. En xuño deste ano, Paganini vai pasar unha **tempada no balneario “La Virgen” de Cuntis** para tomar as augas, mellorar dunha doenza e así no mes seguinte atender a chegada de dous buques de guerra da Armada italiana: **o acorazado “Ferrucci” e o cruceiro “Pisa”**.



A bordo do iate “Elettra” do inventor Guillermo Marconi xunto a autoridades, en maio de 1928. Guido Paganini, á dereita da imaxe. / Arquivo FARO DE VIGO


Un ano despois volvería a aquel balneario pero esta vez para agradecer o trato dispensado e o bo efecto das augas, despois dunha xornada de pesca na que capturou uns salmóns de extraordinario tamaño, boa mostra da súa recuperación. Neste ano 1927, o 16 de xaneiro, vai facerlle, obviamente **no seu automóbil Fiat, un percorrido polo concello de Cangas ao cónsul xeral de Italia, Augusto Costaguetti**, quen marchou encantado coas paisaxes e beleza da zona que Paganini como experto anfitrión lle soubo mostrar.

Na súa actividade de promoción do fútbol en Cangas vai formar parte da sociedade que **a comezos de 1928 vai formar o Alondras C.F.** e conseguir que no ano seguinte xa contase cun espléndido terreo de xogo en San Roque no chamado campo de San Andrés, propiedade de Cervera.

No seu ámbito consular, este ano tamén vai ser oportuno para Guido Paganini pois **o 10 de maio atracaría no porto de Vigo o iate “Elettra”, propiedade do afamado inventor italiano Guillermo Marconi**, que andaba a percorrer diversos países de Europa, probando desde un laboratorio experimental, o seu sistema de telegrafía sen fíos a bordo do seu barco. Sabemos que nesta ocasión e como delegado consular italiano do Fasci, foi das primeiras autoridades en recibilo, obsequiando con bombóns a Marconi, á súa dona e ás belas señoritas representantes da alta sociedade viguesas.

Paganini, acompañado do seu fillo Nico e o conserveiro Antonio Cervera, levaron ao inventor e máis á súa muller a dar uns **veloces paseos pola ría na súa canoa-automóbil**. Outros conserveiros como Francisco Cervera e os Massó, tamén participarían nas atencións dispensadas ao inventor, poñendo o primeiro, á súa disposición, unha modernísima “canoa-automóbil”, entanto os segundos correrían coas excursións pola zona, aportando un automóbil.

Xa que logo, no día seguinte, farían unha **excursión a Bueu en coche desde Vigo** collendo a estrada de Pontevedra cara a Figueirido, San Adrián de Cobres, o “Gaján” e Bueu, onde foron agasallados na **factoría dos Massó**.



O iate "Elettra" do inventor Guglielmo Marconi en Vigo, en maio de 1928. / Arquivo FARO DE VIGO

Neste lugar, foille mostrado o acopio de maquinaria, embarcacións, trebellos e documentación antigos que viñan facendo os Massó, suxeríndolle Marconi a **idea de conformar un museo do mar na vila**. Consta que esta viaxe desde Vigo non lle sentou moi ben ao inventor que **se sentiu indisposto en Bueu**, ordenando desprazar a Cangas o seu iate “Elettra” no que retornaría a Vigo, suspendendo tamén a viaxe prevista a Santiago.

Unha das primeiras lancha-automóbil de Cangas foi a de Paganini, adquirida en febreiro deste ano pois era **representante da marca italiana Baglietto con motor Di Giorgi de 8/10 cabalos**. Outras lanchas foron mercadas por **Cervera, Montemerlo e Pérez Barros** co que Cangas contemplaba abraida as idas e chegadas destes rápidos vehículos acuáticos. E aínda vendería máis, grazas á promoción que fixo en agosto deste ano nunha exhibición en Bueu coa súa lancha, facendo diversas manobras e alcanzando a velocidade de 22 nudos, impresionando ao numeroso público presente.

**Mestre e investigador*